

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidades.



## Homenaxe - Despedida ao Doctor Irujo

Na noite do 30 d-outono derradeiro, foi ouxeto d-un brillante homenaxe o esgrevio patriota vasco, ex-ministro da República Hespañola, Dr. Manoel Irujo co gallo do seu viaxe de volta a Londres. O homenaxe reaizóuse na sede social da prestixiosa entidade vasca Laurak-Bat, coa asistencia de numeroso público que lle testimoñou a súa afervorada simpatía e admiración pol-a grandeira i eficaz labora que ten desenrolado a prol da causa de Euskadi e da democracia ea liberdade de Hespaña.

O homenaxe consisteu n-unha mostra de danzas vascas e n-un banquete, aitos aos cales asistiron, coma proba de prena solidariedade, representacións de inteleituales e demócratas-cristiáns arxentinos, de vascos franceses e de patriotas cataláns e galegos. Os patriotas galegos estiveron representados por persoeiros do Consello de Galiza, da Irmandade Galega e do Centro Ourenán.

As danzas vascas desenroláronse, con moito lucimento, na cancha de pelota. Logo a numerosa concurrenz pasou ao gran salón onde foi servido o banquete. Na cabeceira, facíanlle compañía ao Dr. Irujo os embaixadores de México Lic. Johan M. Alvarez del Castillo e de Venezuela Inxenheiro Lois Roche.

Aos postres, fixo o efercemento do homenaxe, en eloquentísimo discurso, o inxeniero Xosé Urbano de Aguirre, outa persoa de personalidade arxentina, que foi moi apraudido. Logo erguéuse pra agradecer o Dr. Manoel Irujo, sendo ouxeto d-unha afervorada ovación. O Dr. Irujo pronunciou un brillante e conceutuoso discurso que foi interrumpido frecuentemente conquentes aprausos. Na súa medulosa disertación, tivo o Dr. Irujo axeitadas verbas a prol das liberta-

des da Galiza.

Na imposibilidade de asistir a dito homenaxe o Presidente do Consello da Galiza, Dr. Alfonso R. Castelao, —xa que a mesma hora presidía coma invitado de honor un importante banquete da coleitividade galega—, concurreu, na súa representación persoal, a súa esposa Doña Virxinia Pereira de Castelao, cúa presenza no homenaxe ao Dr. Irujo foi destacada pol-o anenciador das adhesións, sendo ouxeto de afervoados aprausos por parte da concurrenz.

## O XANTAL

Como todol-os anos, o A. B. C. de Corcubión celebrou o 30 do derradeiro mes de outubro un novo aniversario da súa fundación e da súa revista "Alborgada". Arredor de 500 persoas concurriron ao simpático aito, que foi presidido pol-os seus invitados de honor, o presidente do Consello de Galiza, Alfonso R. Castelao, e o segredario do mesmo Antón Alonso Ríos. Estiveron presentes os presidentes das sociedades máis representativas da nosa coleitividade.

Ofreceu a comida o presidente da entidade, señor Xosé Carballo, que non discurso, pleo

## CANTARES

*A moza que é bonitiña  
e non mira pra ninguén,  
canto máis baizño mira  
tantos máis amores ten.*

*O carballo do Gallego  
ten a folla revirada,  
que lla revirou o vento  
unha moñón de viada.*

*As moceñas de San Xorxe  
moito teñen que chorar  
porque lles marchan os mozos  
pra o servicio militar.*

*Dende a miña casa a tío  
hai o salto dunha cobra...  
Tuda lle penso chamar*